




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: O Vicedo. Parroquias: San Román de Vale e San Estevo do do Vicedo. Extensión: 1,9 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Potentes acantilados de gran parede vertical, rematados en teito plano ou de escasa pendente. Cara ao interior, o bloque presenta unha vertente inclinada cara a terra, o que, co anterior, denota a existencia dun basculamento tectónico. Esta situación favorece paredes verticais e activas que xeran abundantes depósitos ao pé, de bloques, areas e coios. Os acantilados alcanzan os 150 m de desnivel en Monte Ventosa.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence totalmente ao dominio do Olló de Sapo, con materiais precámbricos representados polo neis Olló de Sapo que, na súa facies mixta, ocupa as partes central e oriental da unidade, dende Area Grande á punta Regodola, e na súa facies de megacristais, completa a parte occidental, dende a anterior punta ata Punta da Ventosa.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Precipitacións ao redor de 1000 mm anuais e temperatura media sempre por enriba dos 14°C, con amplitude térmica anual entre 12 e 13°C, definen o ambiente climático como Cálido e Seco.

#### OS SOLOS

O Rego de Pedrón constitúe a principal arteria fluvial da unidade, cuxa dirección NO-SE está relacionada co basculamento do bloque acantilado na mesma dirección. As augas vertuen á masa de Augas Costeiras 20169.


#### AS AUGAS

O Rego de Pedrón constitúe a principal arteria fluvial da unidade, cuxa dirección NO-SE está relacionada co basculamento do bloque acantilado na mesma dirección. As augas verten á masa de Augas Costeiras 20169.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Acantilados protexidos polo LIC Costa da Mariña Occidental. O hábitat máis importante é o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. A aparición de praias intermareais e extensos coídos suma os hábitats 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados e 1140, Chairas lamacentos ou areosos que non están cubertos de auga cando hai marea baixa. A aparición dalgún coído entre as puntas de Pardiñas e Campo Millán fai presente o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A nivel continental, onde os eucaliptais non cobren as vertentes costeiras, aparecen algúns sectores con matogueira costeira (4030 e 4040). Pero os hábitats máis rechamantes son os arboredos, ao configurarse algunhas masas de considerable extensión para o habitual na costa lucense. Así, aparecen dúas manchas descontinuas que suman unhas 8 ha de bosquetes de recolonización, aínda que están asociados a valgadas con leitos de pouca entidade.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A ocupación do solo está condicionada polos sucesivos cambios de pendente que se producen ao longo da unidade. Deste modo, no sur da unidade, onde a orografía presenta unha menor inclinación encáixase o val do Arroio de Pedrón, o cal propicia uns solos fértiles sobre os que se localiza o espazo de cultivo existente na unidade. Asentados na base do Monte Pedrón, no bordo do espazo de cultivo sinalado, localízanse os asentamentos de carácter tradicional que habitualmente explotaron a agra. Por enriba destas poboacións e da cabeceira do Arroio Pedrón, coincidindo coas zonas de maior inclinación, as plantacións forestais son o uso exclusivo, aínda que as formacións vexetais propias de ambientes costeiros ocupan os solos dos sectores máis próximos ao acantilado. No extremo norte da unidade, moi próximo ao Monte de Ventosa, localízanse os restos dunha actividade extractiva que parece trasladarse cara ao interior, xa na unidade contigua de Xilloi.

#### MORFOLOXÍA

Os asentamentos localizados no interior da unidade responden claramente a un modelo de organización tradicional. Trátase de pequenas agrupacións que se dispoñen lonxitudinalmente, de sueste a noroeste, entre a marxe dereita do Arroio do Pedrón e a base do monte homónimo, a excepción de Moreiras ao norte, que se sitúa na cabeceira do río e próximo á estrada, pero igualmente no bordo do espazo de cultivo. Todos eles -A Costa, Vilela e Moreiras- participan do mesmo espazo de cultivo, de aí a súa localización periférica á agra que comparten. No extremo suroriental da unidade, sobre o acantilado que domina a Praia de Area Grande, localízase un pequeno conxunto de edificacións de orixe espontánea con peche perimetral.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O principal eixe de comunicación é a estrada N-642, que atravesa a unidade de sueste a nordeste cun trazado lonxitudinal e paralelo á costa, sobre todo nas proximidades da Praia de Area Grande. Desta calzada parte unha estrada local que dá acceso a Vilela, na outra marxe do río, e dende aquí continúa cara ao sur para conectar coa Costa e os asentamentos tamén tradicionais que quedan fóra da unidade cara ao sudoeste. Por outro lado, no punto onde a N-642 coincide co límite noroccidental desta unidade enlaza coa estrada LU-6405, que discorre cara ao norte pero xa bordeando polo exterior a unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Cofécese a existencia da localización dun castro, catalogado como Castro dos Moutillos, no cantil sobre a Praia de Area Grande, á altura das penas semimergulladas coñecidas como Os Castelos. Por outro lado, no asentamento de Vilela catalogáronse dous elementos como ben de interese cultural, ambos os dous de carácter etno-arquitectónico: o conxunto de lavadoiro, fonte e peto de animas e o conxunto de casa, carballeira e fonte.



#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dun espazo de evidente carácter rural baseado nun modelo de organización tradicional: mantéñense os terreos dedicados ao cultivo e as localizacións orixinais. En realidade, non existen elementos que distorsionen o modelo, pois as características físicas da franxa costeira deste espazo non posibilitan a existencia de focos de atracción turística que permitan a localización de novas edificacións nas proximidades da fronte litoral ou sobre o antigo parcelario destinado á actividade agraria. As escasas excepcións a esta regra radican no extremo sueste da unidade, colindando coa de Praia de Area Grande, cuxo areal e ámbito de calidade si están sendo sometidos a unha maior presión de edificación.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto da unidade está dotado dunha gran calidade xa que apenas houbo intervencións destacadas que modificaran o seu carácter tradicional. Ademais, todo o bordo litoral está incluído nas figuras de protección que da costa da Mariña Occidental: LIC, ZEPA e ZEPVN segundo a Directiva Hábitat e Lei galega de espazos protexidos. Por outro lado, o carácter tradicional dos asentamentos permitiu a persistencia de conxuntos arquitectónicos de gran valor e que foron recoñecidos como elementos patrimoniais de interese como no caso do núcleo de Vilela. A cabalo entre o antrópico e o natural atopa o espazo de cultivo explotado polas poboacións da unidade. Destaca, en especial, o parcelario do extremo sur da unidade, onde o manexo da vexetación natural para establecer os lindes entre parcelas xerou un mosaico de gran beleza e harmonía. Estas sebes vivas posúen un gran valor ecolóxico, non só polas especies vexetais que o conforman, senón tamén porque serven de acubillo e fonte de alimento para a avifauna que frecuenta este sector. A persistencia de manchas de vexetación de interese, a abundante superficie forestal, o espazo de cultivo ben conservado e a rede de asentamentos de carácter tradicional cun diverso patrimonio cultural, fan deste territorio un dos máis interesantes e valiosos do sector da Ría de Viveiro e da costa lucense en xeral. A iso hai que engadir a evolución tipolóxica da súa fachada litoral, que pasa de exhibir uns acantilados de escasa entidade sobre a Praia de Area Grande a uns potentes acantilados de paredes verticais e forte desnivel no sector setentrional. Os barrios de Vilela empolicados sobre a vertentes do Monte Pedrón, constitúense como bos puntos de observación para reflexionar sobre as calidades desta unidade, aínda que o sector de Punta Merceira, ao sueste da unidade, é un bo lugar para obter unha ampla panorámica de toda a costa circundante.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





